



Pregón do VI Encontro Degustación do Millo Corvo

Rosa Estévez Gantes

Bo día. Pasade. As portas de Meiro están abertas. Dou fe. Eu, que un día tiven as raíces en cemento de xigantesca urbe, que son filla da emigración e irmá do exilio, síntome aquí en terra propia, síntome con orgullo mestra desta aldea, disposta a que me aprendan sempre máis deste universo e disposta a loar a quen defende a existencia da aldea como un espacio de convivencia e exercicio cotián da dignidade.

Tal é a tarefa mantida pola Asociación Cultural de Meiro que organiza este VI Encontro Degustación do Millo Corvo, unha tarefa que vai moito máis alá da recuperación deste cultivo autóctono e que engloba actividades lúdicas e culturais que nos devolven a historia, o patrimonio, a identidade cultural e a confraternidade entre os veciños e veciñas de todas as idades. É certo que non abundan con este esforzo para facer de Meiro un lugar habitábel de seu. Porque a sobrevivencia da aldea, como a de calquera outro lugar deste país ou do mundo, pasa por recuperar o tempo roubado por quen desprezou e atrancou, por quen despreza e atranca o progreso colectivo, dedicándose a declarar guerras no canto de fomentar os recursos económicos e mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Mais estou convencida de que o empeño de xentes xenerosas e entusiastas como as que forman esta Asociación abren novos vieiros cara o presente e futuro. Entre todos debemos apoiar e recoñecer a importancia do dinamismo cultural e social que están a xerar.

Pola parte que me toca como mestra, quero agradecerlles a oportunidade de participar nas actividades organizadas ao redor do Millo Corvo e dirixidas aos escolares. Coa

sabedoría natural que dá a experiencia e co ánimo de quen “ama” o que transmite, damos leccións de ecoloxía e fannos revivir traballos colectivos en encontros onde non falta a oportunidade para lérias e diversión.

Tede en conta pois, que o pan que ides comer hoxe aquí está feito por un feixe de mans, moitas delas pequeniñas mans de crianzas que aínda levan fachendosas a marca da última debullada. Estou segura de que non esquecerán estes encontros e que nalgún intre da súa vida sentiranse “xente de millo” como a descrita por Eduardo Galeano nestas súas palabras andantes:

“A xente, feita de millo, fai o millo. A xente, criada da carne e as cores do millo, cava un berce para o millo e cóbreo de boa terra e límpao de más ervas e régao e fálalle palabras que o queren. E cando o millo

está crecido, a xente de millo móeo sobre a pedra e álzao e apláudelle o déitao ao amor do fogo e dómeo, para que na xente de millo siga o millo camiñando sen morrer sobre a terra”.

E xa rematando, gustaríame, como primeira muller pregoeira deste evento, saudar especialmente ás mulleres que co seu traballo anónimo realizan os labores agrícolas tanto no noso país como no resto do mundo. Penso que non esaxero se digo que sen elas non estaría garantida a nosa sobrevivencia. É de xustiza valoralas. Recollamos o seu legado e celebremos o froito que ven da terra, desta terra de nome Meiro que como di Elixio Rivas Quintas, significa “unha aba na que a auga semella manar e correr por todas partes”. Que estas augas nos inunden. Saúde!

